



CONCELLO DE SADA.
CABALGATA DE REIS 2017.
BASES PARA SELECCIÓN DE FIGURANTES.
SADA - NADAL 2016-17.



XUSTIFICACIÓN.

A Concellería de Cultura e Praias inclúe na súa programación anual a organización de actividades coas que dar cumprimento as súas competencias na promoción da participación cultural activa da poboación. Unha das tradicións de profundo arraigo na nosa comunidade é a celebración das Festas de Nadal, e, de xeito particular, a organización da Cabalgata de Reis. Trátase dun desfile en comitiva por diferentes rúas do casco urbano, na que un grande público de diferentes idades, pero sobre todo público infantil, achégase a participar con grande ilusión, saudando ás Súas Maxestades e recollendo os caramelos que van deixando ó seu paso.

Como medio para aumentar a participación do público infantil e aumentar a singularidade das vivencias relacionadas coa ilusión e a maxia desta celebración, optamos por realzar a figura dos “colaboradores dos Reis Magos”, abrindo a inscrición de nenos e nenas para subir nas carrozas reais acompañando e botando unha man ás Súas Maxestades na súa visita a Sada.

Polo tanto, estableceranse unhas bases que recollerán as condicións de participación co obxectivo último de realzar a vivencia dunhas datas moi especiais, dando resposta á enorme ilusión con que se achega o público infantil á figura dos Reis Magos.

ARTIGO 1. OBXECTO.

Sendo o Nadal unha celebración cun grande compoñente familiar que xera unha ilusión moi especial entre o público infantil, consideramos axeitada a apertura de vías de participación activa que potencien a vivencia dos rapaces e rapazas. Con estas bases pretendemos regular a participación na cabalgata dun grupo de “colaboradores/as” cos Reis Magos, que acompañarán a comitiva real no seu percorrido polas rúas sadenses.

ARTIGO 2. PARTICIPANTES.

- 2.1. Poderán inscribirse rapazas e rapaces de 6 anos en adiante (nados con anterioridade ó 6 de xaneiro de 2011).
- 2.2. No proceso de selección terán preferencia as inscricións de persoas empadroadas no Concello de Sada (realizárase unha inspección de oficio no Padrón Municipal).
- 2.3. A inscrición poderá realizarse directamente a través do enlace <https://goo.gl/forms/JxgOw9iibB25HjkG2>, vía correo electrónico enviando a inscrición debidamente cuberta a omixsada@gmail.com ou presencialmente na OMIX en horario de 9:00h. a 14:00h. e de 16:00h. a 18:00h.

ARTIGO 3. NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

- 3.1. **PRAZO:** Establécese un prazo de presentación de inscricións dende as 9:00h. do día 15 de novembro ata as 23:59h. do venres 16 de decembro.
- 3.2. **MODELO DE INSCRICIÓN:** A ficha de inscrición poderá descargarse dende a páxina web www.concellodesada.com, e estará dispoñible na Oficina Municipal da Xuventude. Só se aceptarán as inscricións que conteñan todos os datos pedidos.
- 3.3. **PRAZAS:** O número de prazas dependerá do deseño e características finais das carrozas contratadas para a Cabalgata 2017, baseándonos en criterios de seguridade. O listado de seleccionados publicarase na OMIX o día 23 de decembro e na páxina web municipal.
- 3.4. **DISFRACE:** os rapaces e rapazas seleccionados deberán participar cun disfraz para aportar colorido ás carrozas. Preferentemente será un disfraz de temática relacionada coa celebración do Nadal en forma xenérica. Recomendamos o uso de chubasqueiro en caso de choiva.
- 3.5. **SELECCIÓN:** Se houber un maior número de inscricións que prazas dispoñibles, seleccionaranse ós participantes seguindo os seguintes criterios:



CONCELLO DE SADA.
CABALGATA DE REIS 2017.
BASES PARA SELECCIÓN DE FIGURANTES.
SADA - NADAL 2016-17.



- a) Escollerase ós inscritos **por orden de idade de menor a maior**, con preferencia para os máis pequenos segundo a súa data de nacemento.
 - b) En caso de que seguindo a condición anterior tivesen o mesmo dereito máis dunha solicitude para a última praza dispoñible, seleccionárase entre elas segundo a orde de presentación da inscrición.
 - c) As persoas solicitantes que queden sen praza nas carrozas disporán da posibilidade de colaborar coas Maxestades de Oriente durante a recepción real no auditorio da Casa da Cultura. Os termos desta opción serán coordinados coas persoas interesadas.
- 3.6. **LISTA DE AGARDA:** as persoas non seleccionadas formarán parte dunha lista de agarda. Informaráselles en caso de que algún seleccionado cause baixa, seguindo a mesma orde de idade utilizada para a selección.

ARTIGO 4. ORGANIZACIÓN DA CABALGATA.

- O grupo de participantes acudirá acompañado dos familiares responsables á explanada da Lonxa de Sada a tarde do 5 de xaneiro ás 17:30h.
- Os familiares acompañantes recibirán instrucións para a recollida dos seus nenos e nenas á finalización do percorrido da Cabalgata, no auditorio da Casa da Cultura Pintor Lloréns, ás 19h.
- As rapazas e rapaces figurantes recibirán unha pulseira na que constará o seu nome e teléfono de contacto, e serán asignados a unha carroza onde haberá unha persoa responsable.

ARTIGO 5. CONFORMIDADE.

Todos os participantes, polo mero feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade. A participación nesta convocatoria comporta automaticamente a autorización expresa ó Concello de Sada para publicar as fotografías dos participantes en todo soporte gráfico e audiovisual, web municipal e redes sociais municipais, cedendo gratuitamente ó Concello de Sada todos os dereitos de imaxe contemplados na lexislación vixente.

Asdo.:

María Pardo Fafián.
Concelleira de Cultura e Praias.
Concello de Sada.

En Sada a 14 de novembro de 2016.